

Turismo e Natureza: Convivencia no Parque Natural Baixa Limia- Serra do Xurés



Quen somos?



Iria Bouzo Garrido; Valeria M^a Delgado Pazos; Nerea Gil Docampo; Brais López Rodríguez; Lucía Pardal Álvarez; Xoel Pintos Fernández; Xabier Soliño Martínez

Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo
Área Botánica

M^a Shantal Rodríguez Flores



Juan Francisco Calvo Almeida


"Somos estudantes de 4º curso grao en Ciencias Ambientais. Como parte da materia Xestión de Espazos Naturais Protexidos, realizamos este estudo, no que aplicamos cuestionarios á comunidade local, visitantes e traballadores do Parque Natural co obxectivo de analizar as súas percepcións sobre o turismo na zona."

PN Baixa Limia - Serra do Xurés

O PN da Baixa Limia - Serra do Xurés destaca polo seu alto valor ecolóxico, cultural e histórico, cunha biodiversidade única e un legado humano de máis de 4.000 anos, visible na arquitectura e na paisaxe tradicional. A súa conservación está regulada polo Decreto 24/2022, que busca compatibilizar a protección ambiental co uso sostible do territorio.

O turismo é fundamental para a economía local, xerando emprego e dinamizando o rural, ademais de apoiar proxectos de conservación. Non obstante, tamén pode xerar impactos negativos como erosión, alteración da fauna, contaminación, presión sobre recursos naturais e conflitos sociais. Para minimizar estes efectos, o parque aplica medidas de xestión sostible como a zonificación, rutas de baixo impacto, normativa estrita e a participación das comunidades locais. Destaca a súa integración na Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, que impulsa proxectos conxuntos con Portugal. Tamén se promove a economía circular a través das enerxías renovables, a xestión de residuos e o apoio a produtos locais.

Unha estratexia ben planificada pode lograr o equilibrio entre conservación, desenvolvemento local e turismo responsable. Agora ben, **é esta tamén a realidade no Parque Natural do Xurés?**




O desafío do turismo e a conservación



Perfil das persoas enquisadas:

1. **Residentes:** Maioritariamente persoas de entre 31 e 45 anos, residentes no concello de Lobios.
2. **Traballadores do parque:** Contactouse con tres traballadores, dous dos cales teñen máis de 10 anos de experiencia e viven dentro do parque, nos concellos de Entrín e Lobios.
3. **Turistas:** Principalmente mozos de entre 18 e 30 anos, moitos deles visitantes recorrentes do parque.



Opinión da Comunidade Local

Valoración do Parque e do seu Entorno

A gran maioría dos residentes valora moi positivamente vivir no Parque Nacional, destacando os beneficios en conservación ambiental e dinamización turística.

Turismo: Impacto ou Beneficio?

A pesar do aumento do turismo, a maioría dos residentes non perciben impactos negativos na súa vida diaria e valoran positivamente o **turismo activo**. Con todo, un 44 % detecta **comportamentos irresponsables** como a masificación e a contaminación, aínda que o acceso a recursos naturais non parece verse afectado.

Economía local e Xestión do PN

O 50% dos enquisados considera que o turismo deixa beneficios económicos na comunidade, aínda que perciben pouca participación veciñal na xestión do parque. A maioría desexa implicarse máis e defende a necesidade de equilibrar conservación e desenvolvemento. As medidas máis valoradas inclúen promover o turismo sostible e mellorar as infraestruturas.

Cambio climático e turismo

O 70 % dos enquisados perciben cambios climáticos na zona e un 74 % considera que o turismo debe adaptarse, sendo maioritaria a percepción de urxencia nestas medidas.

Cultura e tradición locais

O turismo tamén tivo un impacto positivo na cultura: moitos residentes cren que axudou a revitalizar as lendas, as tradicións e os oficios locais, como a artesanía e a gastronomía. **INCLUSO!** O 60 % estaría disposto a ofrecer produtos típicos aos visitantes.



Mirando cara ao futuro

A maioría perciben un aumento do turismo e, aínda que o 65 % o recomendaría, tamén expresan **preocupación polos seus impactos**. Máis do 60 % cre que todos os elementos naturais son **vulnerables** á presión turística, e o 55 % apoiaría unha **taxa** se se xestiona con transparencia. Os **veciños** propoñen mellorar a xestión, reforzar a vixilancia, educar ambientalmente, regular os residuos e crear un plan de turismo sostible que beneficie á natureza e á comunidade.



Opinión dos traballadores do PN

Diagnóstico do turismo e do medio natural

O turismo activo, especialmente o sendeirismo, é o máis común no parque e pode provocar alteracións na fauna silvestre, sendo as zonas próximas a Lobios, como a **Corga da Fecha**, as máis afectadas.

Xestión e recursos do parque

Como ferramenta de xestión turística, destaca o uso de cálculos de capacidade de carga para evitar a masificación. Non obstante, os traballadores sinalan que o persoal dispoñible é claramente insuficiente, o que afecta á eficacia do control e a atención ás visitas. A coordinación interdepartamental percíbese como media, con comunicación limitada e esporádica entre as diferentes áreas.

Políticas de conservación e educación ambiental

En canto ás regulacións de conservación, o persoal técnico considéraseas suficientes en teoría, pero cunha aplicación práctica débil: **faltan vixilancia activa, monitorización** e un réxime de **sancións eficaz**. As campañas de concienciación considéranse simbólicas, cun impacto limitado na concienciación dos visitantes.

Propostas de mellora

As propostas de mellora inclúen incentivos fiscais para empresas sustentables, a implantación da certificación EDEN e unha maior difusión dos valores naturais do parque.

Desde a perspectiva profesional, os traballadores destacan o aumento de visitantes e consideran que o **turismo é sostible** pero mellorable. Tamén valoran o parque como un espazo con **forte identidade cultural** e, malia os retos, todos recomendarían traballar nel polo seu valor ambiental e compromiso coa conservación.



Opinión dos turistas do PN

Experiencia e Motivacións

Os principais motivos de visita son o contacto coa natureza, a paisaxe e a procura de tranquilidade, aínda que tamén destaca o interese polo turismo deportivo. A estancia media é de 1 a 3 días, e os visitantes adoitan percorrer varios municipios; o aloxamento repártese entre hoteis, casas rurais e un 23,1 % que non pernocta.



Comportamentos e Percepción de Impactos

O 85 % dos visitantes asegura seguir boas prácticas ambientais, pero case a metade non recibiu información sobre as normas.

O 60 % detectou condutas irresponsables noutros visitantes; os impactos máis visibles son os residuos, o deterioro dos sendeiros, molestias á fauna e masificación.

Conservación e Turismo

O parque é percibido como un espazo auténtico e ben conservado, aínda que con certas presións puntuais.

Un 68,4 % cre que turismo e conservación son compatibles cunha boa xestión, e case todos aceptarían unha taxa de conservación se é razoable, transparente e reinvestida.

Participación e Futuro

Máis da metade estaría disposta a participar en actividades educativas e culturais se resultan interesantes.

Un 63,2 % recomendaría o parque sen reservas, e moitos propoñen melloras como mellor sinalización, contedores, app informativa, limitación de aforo e obradoiros culturais.

Valor diferencial do PN do Xurés

A natureza, os paisaxes e a tranquilidade son os principais motivos para volver.

A maioría chegou ao parque por recomendacións persoais, destacando o papel do boca a boca e a satisfacción da experiencia.

Voces do Xurés



Os Follateiros

Marta Delgado e
Fernando Rebelo

Un patrimonio que merece ser escoitado, celebrado e transmitido!

O PN Baixa Limia-Serra do Xurés alberga un patrimonio cultural único nas súas lendas e tradicións, aínda que están en risco: só o 26,5% dos enquisados as coñece. Estas narrativas, agrupadas en **seres místicos** (Santa Compañía, bruxas), **historias vinculadas á natureza** (rituais, Os Foxos do Lobo) e **tradicións comunitarias** (Os Follateiros), reflicten a identidade local e a súa conexión coa paisaxe. Non obstante, a súa fragmentación e a falta de coñecemento ameazan a súa supervivencia. Para preservalos, propónse documentalos, integralos en rutas turísticas e educativas e implicar ás comunidades. Estas lendas non son só historias: son un legado que vincula a comprensión histórica do medio ambiente coa conservación ecolóxica actual, lembrándonos que protexer o parque tamén significa salvagardar as súas voces ancestrais.

Conclusións

O PN Baixa Limia-Serra do Xurés atópase nun momento clave: o turismo medra de forma sostida, con impactos moderados pero crecentes (resíduos, degradación de sendeiros). Aínda que existe aceptación xeral (valoración positiva da beleza e oportunidades económicas), hai retos urgentes:

- 1. Xestión mellorable:** Falta de recursos humanos/materiais, normativa pouco aplicada e comunicación institucional feble.
- 2. Participación cidadá:** Tanto residentes como turistas amosan vontade de participación e apoio a un turismo sostible, con interese pola conservación e a cultura local.
- 3. Oportunidades:** Interese común pola cultura local (lendas, gastronomía) e propostas compartidas (mellor sinalización, normas claras, turismo fóra de tempada).
- 4. Cambio climático:** 70% dos residentes demandan adaptación urgente do turismo.

O PN atrae un turismo maioritariamente responsable, pero precisa reforzar a xestión (recursos, planificación) e implicar ás comunidades nun modelo sostible. O consenso sobre diagnósticos e propostas entre residentes, técnicos e visitantes proporciona unha excelente base para construír un modelo turístico sostible, participativo e respectuoso co medio ambiente.



**Disfruta e coida do Xurés,
a mellor maneira de vivila!**